

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 07.02.2020      Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de febreiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión**
- Punto 2. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-0000018) Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 601, do 31.01.2020**
- Punto 3. Proposicións non de lei**
- 3.1 57781 (10/PNC-004607)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*
- 3.2 60228 (10/PNC-004822)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco  
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan estratéxico para a converxencia de Galicia coa media española en investimento intanxible sobre o produto interior bruto nos próximos catro anos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 584, do 07.01.2020*
- 3.3 61337 (10/PNC-004878)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar os criterios empregados pola Agader para o establecemento de convenios cos concellos galegos durante a X lexislatura, así como o seu número e contía económica  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 594, do 22.01.2020*

- 3.4 62199 (10/PNC-004957)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da  
ralentización que presenta o ritmo de crecemento da economía de Galicia,  
no terceiro trimestre de 2019, en relación co conxunto da economía  
española  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020*
- 3.5 62246 (10/PNC-004960)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis  
Sobre as modificacións que debe impulsar o Goberno galego na Lei  
8/2012, de vivenda de Galicia, para posibilitar a aplicación polos concellos  
do recargo do IBI sobre vivendas baleiras previsto na normativa reguladora  
das facendas locais co fin de estimular o mercado da vivenda en  
alugamento  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020*
- 3.6 62402 (10/PNC-004971)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das  
colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a  
fundación privada Cipri Gomes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 599, do 29.01.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020



María Teresa Porritt Lueiro  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta

María Teresa Porritt Lueiro

S

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Jackeline Elizabeth Fernández Macías

P

María Guadalupe Murillo Solís

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Julia Torregrosa Sañudo

GCE

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Elección da Vicepresidencia da Comisión

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, de modificación da lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-0000018)  
Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 601, do 31.01.2020

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.      Proposicións non de lei



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1 57781(10/PNC-004607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 57781**  
Data envío: 17/10/2019 16:12:52,298

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, e Teresa Porritt Lueiro** e do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**.

### Exposición de motivos

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, establece no seu artigo 84, apartado 6 sobre a opción de tributación conxunta, que todos os membros da unidade familiar quedarán conxunta e solidariamente sometidos ó imposto, sen prexuízo do dereito a prorratear entre si a débeda tributaria, segundo a parte de renda suxeita que corresponda a cada un deles.

Todas as persoas membros dunha unidade familiar teñen a consideración de codeudor fronte a Facenda Pública, polo que a Administración pode dirixirse contra o patrimonio de calquera dos seus membros para facer efectiva a totalidade da débeda tributaria resultante da declaración en tributación conxunta.

Establecida pois, a responsabilidade solidaria de marido e muller e do resto de membros da unidade familiar nas obrigas tributarias derivadas da declaración conxunta do imposto e coa firme convicción de que a violencia de xénero non require unha única solución, senón un conxunto de solucións, e non só penais, senón tamén civís e, por suposto, de formación, educación e concienciación, o Grupo Socialista entende necesario abordar a situación existente no caso de que a Facenda Pública esixa un suposto de responsabilidade de débeda tributaria por declaración conxunta do IRPF cando un dos membros da unidade familiar que teña exercido esa opción de tributación sexa condenado por violencia de xénero sobre o outro membro da unidade familiar.

A violencia económica é unha realidade que existe e existirá de non corrixirse. É unha das manifestacións de violencias machistas recollidas na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e afecta ás mulleres vítimas e ós e ás menores integrantes da unidade familiar.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO/CONTRAMIS  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/10/2019 16:30:00**  
**Nº Registro: 57781**  
Data envío: 17/10/2019 16:12:52.298

Dita violencia ademais de exercerse durante a relación de parella pode seguir manténdose unha vez se produce a separación tal e como se ten exposto con anterioridade. O pago de pensións alimenticias, de cargas hipotecarias ou de débedas producidas polo maltratador durante o período de convivencia, é un instrumento de coacción e ameaza que habitualmente é empregado polo maltratador para seguir exercendo violencia contra a súa exparella.

As leis de protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero normalmente se centran máis na protección e na atención ás vítimas, pero é imprescindible ademais garantir que unha vez se consegue saír da situación de violencia e maltrato, as mulleres poidan restituír o seu proxecto de vida sen ningún tipo de carga, neste caso económica, que proveña do maltratador.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a modificación necesaria das figuras impositivas sobre as que ten competencias normativas que permita protexer a capacidade económica dos e das menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia”

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Otero Rodríguez  
Teresa Porrirt Lueiro  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 17/10/2019 13:56:53**

**Patricia Otero Rodríguez na data 17/10/2019 13:57:09**

**María Teresa Porrirt Lueiro na data 17/10/2019 13:57:22**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/10/2019 16:30:00**  
**Nº Registro: 57781**  
Data envío: 17/10/2019 16:12:52.298

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2019 13:57:34**

CSX, REGISTRONKI.html#6  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.2 60228(10/PNC-004822)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Casal Vidal, Francisco

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan  
estratéxico para a converxencia de Galicia coa media española  
en investimento intanxible sobre o produto interior bruto nos  
próximos catro anos

*Publicación da iniciativa, 584, 07.01.2020*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 3.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Fundación COTEC e o IVIE (Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas), veñen de publicar un informe no cal se analiza a desigualdade e converxencia en activos tanxibles e intanxibles entre as diferentes CCAA. A principal conclusión extraída resulta ser moi clara e concisa; produciuse un aumento da diferenza no investimento en activos intanxibles que se deu entre as Comunidades Autónomas.

O primeiro que compre indicar deste informe é a diferenza existente entre un activo tanxible e un activo intanxible. Deste xeito, os activos tanxibles fan referencia a aqueles activos materiais que están implantados nun territorio, como por exemplo as infraestruturas, mentres que os activos intanxibles fan referencia concretamente ao investimento que se realiza en: software, I+D, resto de activos inmateriais, deseño, publicidade, estudos de mercado, capital humano e estrutura organizativa.

Con respecto aos resultados que presenta o informe, son varios os aspectos que se poderían destacar.

1. Rexístrase en tódalas CCAA un aumento do peso do investimento en activos intanxibles sobre o total de investimento. Galicia, cómpre ademais





sinalar, foi unha das CCAA que experimentou un maior crecemento mais sen embargo, segue estando considerablemente por debaixo da media española. Así, mentres a porcentaxe de activos intangibles sitúase como media española no 34,9% do total do investimento total, en Galicia esta porcentaxe é do 29,8%.

2. Con respecto ao investimento de activos intangibles sobre PIB, Galicia é un dos territorios con menor porcentaxe. Para o conxunto de España, o rateo activos intangibles/PIB foi do 6,4% no ano 2015, en Galicia dita rateo foi do 4,9%, sendo a quinta comunidade con menor rateo e situándose moi lonxe das dúas principais comunidades; Madrid (9,7) e Cataluña (7,2).
3. Galicia foi a segunda Comunidade Autónoma que durante o período 2007-2013, reduciu en maior medida o investimento intangible sobre PIB. Pero existe un feito moi destacable que resulta fundamental destacar; entre os anos 2013-2015, o crecemento do investimento en activos non financeiros foi moi intenso en diferentes territorios, sen embargo, en Galicia, foi un dos territorios que experimentou unha forte caída.
4. Cando se analiza o investimento intangible por activos, Galicia sitúase por debaixo da media española en todos eles.
  - a. En software, o investimento sitúase no 0,9% mentres que en España é do 1,4%.
  - b. En I+D é do 0,8% e en España do 1,2%
  - c. No resto de activos inmateriais é do 0,2% (a mais baixa de todas as CCAA) e en España do 0,3%
  - d. En deseño, publicidade e estudos de mercado, Galicia incrementa posicións aproximándose ao conxunto de España especialmente en publicidade.

Finalmente o informe analiza a converxencia dada entre as diferentes CCAA en diferentes factores e as conclusións extraídas son profundamente preocupantes para a economía. Concretamente o informe sinala o seguinte:





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2019 18:19:46**  
**Nº Registro: 60228**  
Data envío: 18/12/2019 18:19:46.022

1. A primeira delas conclúe que que durante os últimos vinte anos non se produciu practicamente converxencia na renda per cápita das distintas rexións.
2. A dispersións da rateo investimento en intanxibles sobre PIB aumentou dende os anos de crise e continuou subindo nos dous últimos anos de recuperación. No ano 2015 as CCAA eran claramente mais desiguais dende a perspectiva dos activos intanxibles do que eran no ano 1995.
3. Finalmente, a Comunidade de Madrid aparece como a principal anomalía española; a diferenza entre esta rexión e o resto dos territorios amplíase cada vez mais.

Ante os datos expostos anteriormente, o Grupo Parlamento Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo un plan estratéxico que teña como obxectivo a converxencia de Galicia coa media española en investimento intanxible sobre PIB nos próximos catro anos.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Francisco Casal Vidal  
Voceiro e deputado do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 18/12/2019 18:19:00**

CSX4\_RFXJSTRO7Fnhwss8  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/12/2019 18:19:46**  
**Nº Rexistro: 60228**  
Data envío: 18/12/2019 18:19:46.022

**Francisco Casal Vidal na data 18/12/2019 18:19:06**

CSX6REXISTRO7Finkwss8  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.3 61337(10/PNC-004878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar os criterios empregados pola Agader para o establecemento de convenios cos concellos galegos durante a X lexislatura, así como o seu número e contía económica

*Publicación da iniciativa, 594, 22.01.2020*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Teresa Porritt Lueiro, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarse en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:





1º) Publique no prazo máximo de tres meses os criterios empregados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos durante a X Lexislatura.

2º) Publique no prazo máximo de tres meses a totalidade dos convenios asinados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con determinados concellos galegos nesta X lexislatura con indicación do nome do Concello e a contía total recibida por cada un deles a través destes convenios.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:41:43**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 10/01/2020 13:42:01**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2020 13:42:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 13:42:30**



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.4 62199(10/PNC-004957)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da ralentización que presenta o ritmo de crecemento da economía de Galicia, no terceiro trimestre de 2019, en relación co conxunto da economía española

*Publicación da iniciativa, 599, 29.01.2020*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2020 13:29:59  
Nº Rexistro: 62199  
Data envío: 22/01/2020 13:29:59.597

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas Julia Torregrosa Sañudo, Luca Chao Pérez e Carmen Santos Queiruga e do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>**, sobre a ralentización do ritmo de crecemento da economía galega.

### Exposición de motivos

No terceiro trimestre de 2019 a economía galega volveu a medrar por debaixo da media do conxunto da economía española.

Nese trimestre, o crecemento do PIB galego foi do 1,7% en termos interanuais fronte a unha media de crecemento da economía española do 1,9%. Con este son xa tres trimestres consecutivos nos que a economía galega medra por debaixo da media do conxunto do Estado, acumulando un diferencial negativo no que vai de ano que evidencia un comportamento diverxente da economía galega con respecto á media estatal, con síntomas graves de esgotamento, tanto no que atinxe á produción industrial como ao comportamento do sector exportador.

A taxa de crecemento acadada pola economía galega no terceiro trimestre de 2019 foi a mais baixa desde o último trimestre de 2014.

De confirmarse esta tendencia, en termos interanuais, e segundo os datos publicados polo INE, o ano 2019 sería xa o cuarto ano consecutivo no que a economía galega presenta crecementos reais do PIB inferiores á media do conxunto do Estado.

As causas desta desaceleración da economía galega hai que buscalas

CSM-REXISTROCOMUN3198  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2020 13:29:59  
Nº Rexistro: 62199  
Data envío: 22/01/2020 13:29:59.597

fundamentalmente no comportamento da demanda externa, que por segundo ano consecutivo aporta unha contribución negativa á evolución do PIB galego, pero tamén a demanda interna, aínda mantendo taxas de crecemento significativas, amosa síntomas preocupantes na evolución da Formación Bruta de Capital, que no terceiro trimestre de 2019 presenta unha taxa de variación interanual moi inferior á dos últimos anos.

Do punto de vista sectorial, a ralentización afecta a todos os sectores agás o sector servizos, con especial incidencia no ámbito da produción industrial.

Esta ralentización do ritmo de crecemento da economía galega xa empeza a reflexarse na evolución do mercado de traballo, que no terceiro trimestre de 2019 acadou o menor nivel de creación de emprego dun terceiro trimestre desde o comezo da recuperación económica.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar un paquete de medidas de estímulo da economía galega, con medidas específicas para o fomento da produción e do emprego industrial, que permita recuperar o ritmo de crecemento da economía galega, evitando a recaída na recesión económica.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Luca Chao Pérez

Carmen Santos Queiruga

Antón Sánchez García

Deputadas e voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2020 13:29:59**  
**Nº Rexistro: 62199**  
Data envío: 22/01/2020 13:29:59.597

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 22/01/2020 13:07:07**

**Carmen Santos Queiruga na data 22/01/2020 13:07:21**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 13:07:40**

**Antón Sánchez García na data 22/01/2020 13:07:50**



CSV: REXISTRO9rOxum3kn8  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

---

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)



**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.5 62246(10/PNC-004960)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e 3 máis

Sobre as modificacións que debe impulsar o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, para posibilitar a aplicación polos concellos do recargo do IBI sobre vivendas baleiras previsto na normativa reguladora das facendas locais co fin de estimular o mercado da vivenda en alugamento

*Publicación da iniciativa, 599, 29.01.2020*

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2020 17:18:01  
Nº Rexistro: 62246  
Data envío: 22/01/2020 17:18:01.075

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda por iniciativa das deputadas Julia Torregrosa Sañudo, Luca Chao Pérez e Carmen Santos Queiruga e do deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>**, sobre a aplicación en Galicia das previsións contidas no artigo 72.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, no relativo á aplicación do recargo do IBI sobre vivendas baleiras.

### Exposición de motivos

Coa finalidade de dinamizar o mercado de aluguer, incentivando aos propietarios a poñer no mercado aquelas vivendas que permanecen desocupadas durante a maior parte do ano, dando cumprimento ao principio constitucional do dereito á vivenda, o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais introduciu, no seu artigo 72.4, introduciu a posibilidade de establecer un recargo de ate o 50% na cota do Imposto sobre Bens Inmóveis para os “inmóveis de uso residencial que se atopan desocupados con carácter permanente”.

Non obstante, a propia Lei de Facendas Locais relegou inicialmente a definición de “vivenda desocupada con carácter permanente” a un posterior desenvolvemento normativo que, na práctica, impediulle aos concellos a aplicación deste recargo.

CSM-REXISTROAU180x0x0  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2020 17:18:01**  
**Nº Rexistro: 62246**  
Data envío: 22/01/2020 17:18:01.075

O Real Decreto Lei 7/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes en materia de vivenda e alugamento modificou o artigo 72.4 da Lei de Facendas Locais para facer viable a aplicación dese recargo, máis seguiu remitindo a definición de “inmable desocupado con carácter permanente” ao que establezan as normas sectoriais de vivenda autonómicas ou estatais con rango de lei.

Ate o momento, a Xunta de Galicia non ten impulsado ningunha modificación da lexislación sectorial autonómica que faga viable a aplicación das previsións do artigo 72.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a modificación da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, para definir o concepto de “inmable de uso residencial desocupado con carácter permanente”, aos efectos de facer viable a aplicación, por parte dos concellos, do recargo previsto no art. 72.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, coa finalidade de estimular o mercado de vivenda en aluguer.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Carmen Santos Queiruga

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2020 17:18:01  
Nº Rexistro: 62246  
Data envío: 22/01/2020 17:18:01.075

Luca Chao Pérez

Antón Sánchez García

Deputadas e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 22/01/2020 17:01:33**

**Carmen Santos Queiruga na data 22/01/2020 17:01:42**

**Luca Chao Pérez na data 22/01/2020 17:01:57**

**Antón Sánchez García na data 22/01/2020 17:02:10**



CSX REGISTROAU198Cox00

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

**Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 07.02.2020**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.6 62402(10/PNC-004971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galicia e a fundación privada Cipri Gomes

*Publicación da iniciativa, 599, 29.01.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2020 17:28:56  
**Nº Rexistro: 62402**  
Data envío: 23/01/2020 17:28:56.980

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ás colaboracións económicas e convenios entre a Xunta de Galiza e a fundación privada Cipri Gomes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Cipri Gomes é presuntamente unha organización sen ánimo de lucro cualificada no su día como de interese deportivo (tal e como se pode constatar na orde do 4 de xullo do ano 2010) e de interese galego (tal e como se pode comprobar no DOG do 12 de agosto de 2010 onde se recolle a resolución de 2 de agosto de 2010 pola que se declara este interese e se ordena a inscrición no rexistro de fundacións de interese galego.

No ano 2012, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo

CSM-REXISTRODPOW-008eCUS  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2020 17:28:56**  
**Nº Rexistro: 62402**  
Data envío: 23/01/2020 17:28:56.980

de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063).

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Nese mesmo ano cómpre lembrar que se ditaminaba, co resultado de condena, o que se denominou na prensa escrita como “prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012”.

Desde o acordo do ano 2018 foron varias as preguntas realizadas en comisión e no ano 2018 a Xunta de Galiza confirmaba que esta cuestión estaba a ser investigada pola fiscalía. Desde entón, non recibimos nova información por parte da Xunta de Galiza, e a realidade é que esta fundación continúa con actividade ao longo do territorio, particularmente en varios concellos de Ourense.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

CSV: REXISTROPROPaw008eC05  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2020 17:28:56**  
**Nº Registro: 62402**  
Data envío: 23/01/2020 17:28:56.980

“O Parlamento acorda instar á Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento Galego no prazo máximo de 15 días toda a documentación referente a todas e cada unha das axudas, subvencións ou convenios de colaboración entre as diversas consellarías e organismos desta administración e a Fundación Cipri Gomes desde o ano 2010.”

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2020 17:24:32**

**Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2020 17:24:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2020 17:24:47**

CSX4.FEYXJSTROPawOOBeCUI5  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2020 17:28:56**  
**Nº Registro: 62402**  
Data envío: 23/01/2020 17:28:56.980

**Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2020 17:24:55**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2020 17:25:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2020 17:25:08**

CSX4REXISTROPawOOBeCUI5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

